# Instalación e configuración do software Notebook (EDI)

Equipamento ........ 1
Rexistro do EDI ........ 1
Garantía ........ 2
Código de activación. ........ 2
Descargar software ........ 3
Instalacion software Notebook ........ 3
Linux ........ 3
Windows ........ 5
Configuración da conexión do EDI ........ 6
Activar o software ........ 7
Instalar galerías. ........ 7
Linux ........ 8
Windows ........ 8

# Equipamento

Na imaxe aparece o equipamento necesario para poder utilizar o encerado dixital. Ademais terá que ter instalado no ordenador o software e drivers do encerado.




# Rexistro do EDI

Para rexistrar o encerado accédese á páxina web de SMART: http://smarttech.com/es/Product+Registration,
Prémese ‘siguiente’ e accédese a unha nova páxina na que se introduce o número de serie do encerado, que se atopa nun lateral.




Cando se prema 'siguiente' accédese a páxina na que hai que introducir os datos do instituto, recibindo no correo os datos de activación do encerado.




## *Garantía*

Na páxina web de SMART: http://smarttech.com/es/Product+Registration, pódese ver a garantía do EDI introducindo o número de serie.




## *Código de activación.*

Na páxina web de SMART: http://smarttech.com/nb10productkey, pódese ver o código de activación do software introducindo o número de serie do EDI e o correo electrónico.




# Descargar software

Na páxina de SMART http://smarttech.com/software, pódese descargar o software SMART Notebook, que ten un período de proba de 30 días se non se activa. Hai versións para distintos sistemas operativos




Para poder descargar o software hai que introducir os datos para que permita a descarga.

# Instalacion software Notebook

## *Linux*

O software de instalación para Debian ven en varios paquetes .deb, que hai que instalar un a un. Entre estes paquetes hai dependencias que indican o orden no que hai que instalalos. No documento README poden verse as dependencias.

---

*Dependencies*
*smart-notebook_<version>_i386.deb:*
  *Main SMART Notebook package.*
  *Dependencies:*
  *smart-common*

---

*smart-hwr*
*smart-languagesetup*
*smart-activation*
*smart-gallerysetup*
*smart-product-drivers_<version>_i386.deb:*
*Main SMART Product Drivers package.*
*Dependencies:*
*smart-common*
*smart-hwr*
*smart-languagesetup*
*nwfermi-<version>_i386.deb*
*SB480 Drivers package.*




Por tanto pódense instalar os paquetes no seguinte orde:

smart-common
smart-hwr
smart-languagesetup
smart-activation
smart-gallerysetup
smart-notebook
smart-product-drivers
nwfermi

Para instalar un paquete faise dobre click e iniciase o xestor de paquetes indicando o paquete que se vai instalar. Premendo o botón 'instalar paquete' iniciase a instalación despois de pedir o contrasinal de administrador.







Unha vez instalados todos os paquetes xa aparecen no menú de aplicativos as aplicacións



## *Windows*

Facendo dobre clic na icona 

empeza o proceso de instalación, no que o primeiro que hai que facer é aceptar os termos da licenza, e despois elíxense os directorios de instalación.







O seguinte paso é cubrir a información do cliente. Aquí pódese introducir o código do produto, ou ben facelo unha vez instalado.




Agora elíxense as galerias a instalar



E comenza o proceso de instalación cas opcións elexidas




Unha vez rematada a instalación xa aparece no menú.




# Configuración da conexión do EDI

No panel de control do software, ao que se pode acceder cando se executa o Notebook, ou ben dende o menú de aplicacións, está o 'asistente de conexión' onde se conecta o encerado dixital no caso de que non estivera conectada.









Cando se preme no 'asistente de conexión' xa se busca automáticamente os dispositivos SMART conectados ao PC.




# Activar o software

Cando se executa o software, no caso de que non estivera activado aparece unha xanela indicando que a versión é de avaliación e os días de proba que quedan.
Premendo en 'activar producto', aparece unha nova xanela na que se introduce o código de activación.







# Instalar galerías.

No seguinte enlace pódense descargar galerías de distintas materias nun arquivo comprimido.
http://downloads01.smarttech.com/software/nb/galleryessentials/10_6sp1/galleryessentials.zip
Unha vez descomprimido pódense engadir as galerias






desexadas ao notebook, Estes arquivos serven tanto par ao software en Linux como en Windows, ainda que o proceso é distinto

O arquivo **SMARTEssentials** é o instalador das galerías que se atopan dentro do cartafol ‘Gallery Data Files’

## *Linux*

No menú de aplicativos prémese en ‘configuración de Galerías’




Aparece unha xanela nova que permite modificar as galerías instaladas ou elixir outra galería.







Unha vez elixida a galería vaise a unha nova xanela onde se elixen os contidos a engadir.




## *Windows*

Facendo dobre click no arquivo **SMARTEssentials** iniciase o proceso de instalación no que se elixen as galerias a engadir.




